

GRIAL 246 (A.M.X.2025) SOCIEDADE, ECONOMIA E TERRITORIO II FORO GRIAL



VARIOS

SINOPSE

Sociedade, economia e território

RAMÓN VILLARES / XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA

No contexto da celebración dos 75 anos da fundación de Editorial Galaxia, a revista Grial propúxose realizar varios foros de debate para reflexionar, desde perspectivas temáticas diferentes, sobre o porvir de Galicia e da súa cultura nun futuro próximo, fose a cultura, a ciencia ou a política. Se a fundación da editorial puido considerarse unha aposta para construír un porvir da cultura galega e, por extensión, da Galicia enteira, tres cuartos de século despois é coherente seguir preguntándose por esta obriga. Entre os obxectivos fundacionais de Galaxia estaban analizar o mundo desde Galicia, proxectar a cultura galega cara ao exterior e construír conciencia da identidade de Galicia, todo feito mediante o emprego da lingua galega como vehículo de comunicación e concibindo a cultura como ferramenta de cohesión comunitaria. Aqueles propósitos non caducaron, o que explica que o motivo xeral destes foros sexa o de “pensar cara adiante” a partir da experiencia acumulada.

Os contidos do foro que se publican neste número de Grial ocúpanse de asuntos relativos á sociedade, economía e territorio de Galicia nos vindeiros vinte e cinco anos, despois de que experimentasen profundas mudanzas no pasado recente, como demostrou unha abundosa literatura especializada. Os cambios económicos e sociais non son procesos autónomos, pero polo menos poden entenderse como expresión das mudanzas que experimentou Galicia desde mediados do século XX e que tiveron consecuencias directas na mobilidade da poboación, na súa ocupación laboral e, de forma moi directa, no uso do territorio en canto á súa titularidade e aproveitamentos, pero tamén ao seu abandono, cuxas razóns deben ser analizadas. Malia seren abruptamente transformadas as liñas básicas da sociedade galega, da súa estrutura económica e dos usos do territorio durante a segunda metade do século pasado, todas continúan a ser pedras de toque imprescindibles para deseñar a Galicia futura.

Estes textos que ago...

	
Editora	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Materia	<Genérica>
Colección	GRIAL
EAN	9789200191596
Estado	Disponíble
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	160
Tamaño	270x185x0 mm.
Prezo (Imp.inc.)	15,00€
Data de lanzamento	04/09/2025

Títulos relacionados



GRIAL 238
(A.M.X.2023) 1963.
O ANO DO
PRODIXIO
VARIOS



GRIMAL 245
(X.F.M.2025)
CULTURA, ARTES
E IDENTIDADES. I
FORO GRIMAL
VARIOS



GRIMALDI 9 (X,A,S,
1965)
VARIOS



GRIMALDI 11 (X,F,M,
1966)
VARIOS